

Categorías 2009	Salario base	Transporte x 12 meses	Tóx., Pen., Pel. x 11 meses
Peón	IPC real 2008 + 1%	IPC real 2008 + 1%	IPC real 2008 + 1%
Conductor	IPC real 2008 + 1%	IPC real 2008 + 1%	IPC real 2008 + 1%
Encargado	IPC real 2008 + 1%	IPC real 2008 + 1%	IPC real 2008 + 1%

Vigo, a 26 de agosto de 2008.—O Delegado Provincial, Pedro Borrajo Rivas. **2008009116**

LAUDO ARBITRAL

Visto o texto do laudo arbitral sobre o conflito xurdido na negociación do convenio colectivo da empresa CESPAS, SA, (Limpeza viaria e recollida RSU do concello de Nigrán), que tivo entrada no rexistro único do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo o día 01-08-2008, e de conformidade co disposto no art. 90, 2 e 3, do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, art. 2.f) do Real decreto 1040/81, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, artigo 24.4 do Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA), e Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial,

ACORDA:

Primeiro.—Ordenar a súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, obrante nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.—Ordenar o seu depósito no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.—Dispoñer a súa publicación, no “Boletín Oficial” da provincia.

Sendo presidida a sesión de mediación polo delegado provincial da Consellería de Traballo, D. Pedro Borrajo Rivas, no edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo, na sala A do cuarto andar, foi designado árbitro D. José M^a Casas De Ron asistido por D^a. Verónica Martínez Barbero, Inspectora de Traballo e Seguridade Social, por acta de constitución de arbitraje prevista no artigo 20 do Acordo Interprofesional Galego sobre procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (AGA) de data 23 de xullo de 2008, a fin de resolver o conflito xurdido na negociación

do Convenio Colectivo da empresa CESPAS, SA (Recollida de Residuos Sólidos Urbáns e Limpeza Viaria no Concello de Nigrán), resolve as cuestións plantexadas ditando o seguinte laudo, baseándose nos seguintes

ANTECEDENTES

Primeiro.—En data 23 de xullo de 2008, habilitouse como árbitro o antedito, que viña actuando como mediador no conflito seguido na empresa CESPAS, SA (RSU e Limpeza Viaria – Nigrán) sendo partes, pola empresa D. Javier Antón Mauregui e D. Manuel Polledo Cerdeiriña e pola representación sindical D. Javier Aballe Sanroman, D. Roberto Pérez Costas, D. Fernando Costas Costas, D. Ramón Álvarez Costas, D. Jose Gregorio Domínguez, D. Juan Carlos Iglesias Trabazos, D. Manolo González Núñez, D. Ángel Fernández Comesaña, D. Roberto Soto Sanroman, D. Alfonso Cabreira Fernández, D. Carlos Ceriz Fernández, D. Víctor Manuel Martínez Parajua, D. Jorge Soto Rodiño, D. Alexandro Fernández Campo e D. José Fernández González, membros do comité de folga e D^a M^a do Tránsito Fernández Fernández (Asesora – CIG), D. Xusto Fernández Vilas (Asesor – CIG) e D^a. Ana Meijide González (Asesora – CIG).

Segundo.—A solución que se pretende da solución arbitral e a fixación dos incrementos salariais e do convenio colectivo de empresa-centro de traballo de Nigrán con vixencia de dous anos, dadas as diferencias insalvables na última fase da mediación seguida.

Terceiro.—O árbitro entende perfectamente garantidos os principios de igualdade e contradicción e así mesmo, e perfectamente informado das posicións das partes e as súas diferencias.

Cuarto.—O presente conflito e un conflito de intereses que se resolverá con criterios de equidade e fundamentado nas derradeiras posicións das partes en negociación.

Quinto.—O presente laudo se comunicará con carácter inmediato ás partes a fin de poñer fin ao exercicio da folga, dados os intereses cidadáns de saúde pública que afectan ao Concello de Nigrán.

PARTE DISPOSITIVA

En base a todos os anteriores antecedentes, dítase o seguinte laudo, de conformidade coas normas previstas no art. 20 e seguintes do Acordo Galego para a Solución Extraxudicial de Conflitos Colectivos de Traballo:

1º.—A fin de que os traballadores da empresa, tomando como categoría de referencia a de Peóns de día, acheguen un salario anual de 17.000 a 31 de decembro de 2009, establécese a seguinte estrutura salarial cos respectivos incrementos nas presentes táboas:

NIGRÁN TABLA DE SALARIOS 2008

	Salario base x 365	Plus tóxico x 251	Plus noctur. x 251	Plus actividad x 251	Plus transporte x 251	Días efectivos trabajados	Plus producti. x 60	Pagas extras x 105 días	Bruto anual
ENCARGADO	40,44	12,13	12,13	11,32	4,80	251,00	6,58	4246,32	29.539,28
CONDUCTOR DIA / OFICIAL 1ª MEC	26,09	7,83		2,19	4,80	251,00	6,58	2739,97	16.379,46
CONDUCTOR NOCHE	26,09	7,83	9,13	2,19	4,80	251,00	6,58	2739,97	18.671,90
PEÓN DÍA	24,87	7,46		1,56	4,80	251,00	6,59	2611,67	15.555,64
PEÓN NOCHE	24,87	7,46	8,71	1,56	4,80	251,00	6,59	2611,67	17.740,74
ADMINISTRATIVO	711,48			69,21	77,97	251,00		711,48	13.596,43

NIGRÁN TABLA DE SALARIOS 2009

	Salario base x 365	Plus tóxico x 251	Plus noctur. x 251	Plus actividad x 251	Plus transporte x 251	Días efectivos trabajados	Plus producti. x 60	Pagas extras x 105 días	Bruto anual
ENCARGADO	41,86	12,56	14,65	11,71	4,99	251,00	7,04	5022,79	31.743,26
CONDUCTOR DIA / OFICIAL 1ª MEC	27,78	8,33		2,33	4,99	251,00	7,04	3333,10	17.823,95
CONDUCTOR NOCHE	27,78	8,33	9,72	2,33	4,99	251,00	7,04	3333,10	20.264,05
PEÓN DÍA	26,60	7,98		1,67	4,99	251,00	7,04	3192,26	17.000,13
PEÓN NOCHE	26,60	7,98	9,31	1,67	4,99	251,00	7,04	3192,26	19.337,13
ADMINISTRATIVO									16.302,12

2º.—No artigo 16 referido a xornada de traballo, a partir do 1 de xaneiro do 2009 o descanso será de 48 días/ano.

3º.—Nun novo artigo establécese que en caso de baixa na empresa dun operario con categoría dun oficial, establecerase un réxime para ocupar a praza de modo que na primeira vacante será elixida a persoa pola representación de persoal, entre o persoal idóneo, e a segunda pola dirección da empresa, e así sucesivamente.

4.—Os actuais contratos de relevo transformaranse en indefinidos no momento da xubilación total do relevado.

5.—A partires do primeiro de xaneiro de 2009, o concepto de toxicidade pasará a ser o equivalente ao 35% do salario base en cada categoría profesional.

6º.—A póliza de seguro colectivo terá o incremento do IPC real anual do ano anterior. Esta será efectiva a partir da publicación do convenio no Boletín Oficial correspondente.

O presente laudo poderá recorrerse ante a xurisdición social nos termos establecidos no apartado 5º do artigo 24 do AGA.

En Vigo, a 24 de xullo de 2008.—O árbitro, José Mª Casas de Ron.

Vigo, a 4 de setembro de 2008.—O Delegado Provincial, Pedro Borrajo Rivas.

2008009428

ACORDO SOBRE CONFLICTO

Visto o texto do acordo sobre o conflito presentado na negociación do convenio colectivo da empresa, CESPAS, SA (Limpeza viaria e recollida RSU do concello de Pontevedra), e de conformidade co disposto no art. 90, 2 e 3, do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, artigo 2.f) do Real decreto 1040/81, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, artigo 17 a) do Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA), e Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial,

ACORDA:

Primeiro.—Ordenar a súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, obrante nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.—Ordenar o seu depósito no Servicio de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.—Dispoñer a súa publicación, no “Boletín Oficial” da provincia.

ACTA DE MEDIACIÓN

En Pontevedra, a data 4 de agosto de 2008, e conforme o procedemento de mediación do Acordo Galego Para a Solución Extraxudicial de Conflictos Colectivos de Traballo (AGA), no conflito seguido polo estancamento na negociación do convenio colectivo que afecta á empresa Cespa, SA, no seu centro de traballo de Pontevedra, as partes que a continuación se reflicten chegan a acordo, poñendo fin o citado conflito colectivo, coas seguintes cláusulas, actuando de mediador o designado en acta de constitución da comisión de conciliación e mediación de data 29.07.08, José M^e Casas de Ron.

Reunidas as partes, que son, en representación da empresa D. Javier Antón Maguregui e D. Manuel Polledo Cerdeiriña; e por parte dos traballadores, D. Juan Carlos Corredoira Barral, D. Hector Manuel Vidal Docampo, D. Enrique Abilleira Abuin, D. Manuel Millán Cal, D. Roberto García Fariña, D. Angel Miranda Leiro, D. Manuel Iglesias Pazos, D. Raimundo Veiga Caldas e D. Constante Peón Pereira, todos eles membros do comité de folga; e D. Ignacio Santiago Rodríguez, D. Miguel Anxo Vilacoba García, D. Manuel Curras Meira e D. Manuel Pena Rivadulla, como asesores das distintas centrais sindicais, alcanzaron os seguintes acordos:

1.—Vixencia.—Salvo os artigos que expresamente marquen distinta vixencia, o presente convenio colectivo entrará en vigor a partir do 1º de xaneiro de 2008, para o persoal en activo a data da súa firma, independentemente da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

2.—Duración e prórroga.—A duración do convenio será de 4 anos, e decir, para o periodo comprendido entre 1 de xaneiro de 2008 e o 31 de decembro de 2011.

O presente convenio considerarase automaticamente denunciado unha vez terminada a vixencia prevista no punto anterior, sen necesidade de preaviso algún, continuando o articulado en vigor mentras non exista texto alternativo que o substitua.

3.—Xornada de traballo.—A xornada semanal de traballo será de 35 horas efectivas. Durante o periodo comprendido entre o 1 de setembro de 2008 e o 31 de decembro de 2009, a distribución semanal da xornada se efectuará de tal modo que o traballador en réxime de traballo de xornada ordinaria descanse un sábado de xeito alternativo. De ese modo, unha semana traballará 6 días e a seguinte 5 días, completando o cabo de 11 días unha xornada de 70 horas efectivas de traballo. En dito periodo, a

xornada efectiva de traballo será de 6 horas 30 minutos diarios de luns a venres, e de 5 horas os sábados. Nos servizos de limpeza viaria e recollida de lixo, as horas de inicio da xornada serán as 07:00 ás 14:00, e as 23:00 nas quendas de mañán, tarde e noite respectivamente. No servizo de limpeza de edificios e locais as horas de inicio serán as 15:00 de luns a venres e as 07:00 os sábados.

A partir do 1º de xaneiro de 2010 a distribución da xornada realizarase de forma que o traballador contratado de luns a domingo descanse os sábados, realizando a súa xornada de luns a venres. En dito periodo, a xornada efectiva de traballo será de 7 horas diarias e as horas de inicio serán:

- Servizos de limpeza viaria e recollida de lixo ás 07:00, as 14:00 e as 23:00, nas quendas de mañán, tarde e noite respectivamente.
- Servizo de limpeza de edificios e locais, as 15:00 h. de luns a venres.

Debido a que os servizos de limpeza viaria tamén han de prestarse os sábados, domingos e festivos, ditos servizos realizaranse polo persoal contratado para domingos e festivos ou para sábados, domingos e festivos ou a tempo parcial.

No obstante o especificado no punto anterior, dado que o persoal atopase afecto a un servizo público de inexcusable xestión diaria, a realización do mesmo en sábados, domingos e festivos organizarase de xeito que se asegure a súa execución en todo momento.

Os traballadores disporán de media hora para tomar o bocadillo.

Os horarios e quendas de traballo para cada servizo quedan recollidos no cadro núm. 2 anexo II o presente convenio.

Os días 24 e 31 de decembro consideraranse a todos os efectos como días non laborais e retribuídos para todo o persoal de recollida de noite.

O resto de persoal que traballe efectivamente os días 24 e 31 de decembro, disfrutará en compensación de un día de libranza retribuída por cada día efectivamente traballado.

Ademais, os días 25 de decembro e 1º de cada ano consideraranse como días festivos excepcionais e serán primados a criterio da empresa como mínimo con un 50 % sobre o precio do día festivo na cuantía fixada para traballo obligatorio.

O día 3 de novembro, día de San Martín de Pores, Patrón da actividade, considerarase como día festivo.

4.—Táboas salariais.—Para a vixencia do convenio pactanse os seguintes aumentos salariais:

- Ano 2008, índice real de precios o consumo, conxunto nacional mais 1,5 %.
- Ano 2009, índice real de precios o consumo, conxunto nacional mais 1,75 %.

- Ano 2010, índice real de precios o consumo, conxunto nacional mais 2 %.
- Ano 2011, índice real de precios o consumo, conxunto nacional mais 2,25 %.

Todos os conceptos salariais e económicos revisarase nos porcentaxes de aumento concertados no presente convenio.

Os efectos do seu abono, tanto a firma do convenio, como no primeiro mes de cada ano de vixencia, efectuarse un aumento do salario mínimo de convenio igual do IPC previsto para cada ano mais o porcentaxe pactado sobre o IPC, regularizándose o incremento final no prazo de quince días, o mes de xaneiro dos anos seguintes 2009, 2010, 2011 e 2012, unha vez coñecido o IPC real correspondente os distintos anos de vixencia do presente convenio. A tal fin, as partes reuniranse para asinar as taboas salariais correspondentes para cada ano.

En aplicación dos termos previstos no párrafo anterior, para o ano 2008 fíxase un salario mínimo de convenio de 949,89 €, establecéndose con efectos del 1º de xaneiro de dito ano, a taboa salarial por categorías nos termos recollidos no cadro núm. 1, anexo I a este convenio.

As retribucións pactadas no presente convenio compensarán e absorberán todas as existentes no momento da súa entrada en vigor, calqueira que sexa a súa natureza ou orixe das mesmas.

Acórdase incorporar as táboas salariais o artigo 10 do convenio colectivo.

5.—Vacacións.—No artigo correspondente a vacacións do convenio colectivo terase en conta o seguinte: O persoal comprendido no presente convenio disfrutará dun período anual de vacacións de 31 días naturais, sendo alomenos 26 días laborables para os anos 2008 e 2009, e 27 días laborables alomenos a partir do ano 2010. O período de disfrute de vacacións será preferentemente o comprendido entre o 1º de maio e o 31 de outubro, salvo que empresa e traballador tomen outro tipo de acordo; en todo caso, tamén poderán disfrutarse fora de dito período preferente, a petición do traballador.

Anualmente, no mes de disfrute efectivo das vacacións, aboarase os traballadores unha bolsa de vacacións polos importes establecidos para cada categoría na taboa salarial anexa o presente convenio (anexo núm. 1).

6.—Licencias y permisos.—Os días por asuntos propios, a partir de 1º de xaneiro de 2010, serán 7.

7.—Horas extraordinarias.—No artigo correspondente a horas extraordinarias se incluírá: o valor da hora extraordinaria en ningún caso será inferior o valor da hora ordinaria calculada sen incluír o concepto da antigüedad.

8.—Indemnización por falecemento ou invalidez derivada de accidente laboral e non laboral.—A partires do mes seguinte á firma do presente convenio

colectivo, establecense unhas indemnizacións de 12.100 € por falecemento, e 21.300 € en caso de invalidez, ambas continxencias derivadas de accidente laboral; se a invalidez deriva de accidente non laboral será de 10.000 €. Anualmente, na vixencia do convenio, se aplicarán os respectivos incrementos establecidos en taboas salariais.

9.—Anticipos reintegrables.—O prazo de tramitación será de 4 días.

10.—Roupa de traballo.—Todas as referencias do artigo correspondente do convenio colectivo a comité de empresa, entenderanse referidas ós delegados de prevención.

11.—Recoñecementos médicos.—Os resultados dos recoñecementos médicos deben ser entregados os traballadores nun prazo de 7 días a partir da recepción dos mesmos pola empresa, data que deberá acreditarse.

12.—Carné conducir.—Sobre a base da responsabilidade empresarial das condicións materiais dos vehículos, organización das rutas e servizos, ou incidencias nos percorridos, no caso de discrepancia a asunción de responsabilidades en caso de expedientes por infraccións de tráfico, estarase a solución que se de pola Comisión Paritaria.

13.—Dereitos de preferencia.—Establecese para o persoal que traballe en domingo e festivos uns dereitos de preferencia tanto para o traslado a quenda ordinaria de luns a venres como para a contratación a tempo completo.

14.—Conciliación e Igualdade.—Para asegurar a igualdade de trato e oportunidades entre homes e mulleres, as partes afectadas polo presente convenio colectivo, fixan os seguintes obxetivos:

1.—Eliminación de calqueira desigualdade no seo da empresa entre mulleres e homes, para o cal se pretende establecer medidas de acción positiva que permitan superar as actitudes e estereotipos sociais existentes sobre as mulleres, garantindo a igualdade nas condicións de partida.

2.—Eliminar todos aqueles obstáculos (discriminacións directas e indirectas) que poidan impedir ou dificultar ás mulleres acceder a determinados postos de traballo en iguais condicións que os homes (postos de responsabilidade, categorías profesionais...), así como a eliminación de barreras que poidan causar discriminación salarial.

3.—Dar oportunidade ás mulleres para que se poidan situar nun plano de igualdade real respecto dos homes.

4.—Establecer medidas que garantan a dignidade persoal e profesional de mulleres e homes.

Para conquistar os obxetivos reseñados, crearase unha Comisión e Igualdade de Oportunidades, desenvolvéndose a continuación:

Comisión de Igualdade de Oportunidades, coa participación dos interlocutores sociais, cuio cometido sexa:

- a) Participación na elaboración do plan de igualdade e realizar o seguimento correspondente do mesmo, detectando e corrixindo as diferentes situacións de discriminación que se estén producindo, realizando para elo un diagnóstico inicial da realidade da empresa, que sirva de punto de referencia para establecer o posterior seguimento e comparación de situacións do mesmo.
- b) Habilitar o procedemento adecuado para recibir información sobre posibles tratos discriminatorios.
- c) Identificar ámbitos prioritarios de actuación-
- d) Promover a implantación de accións positivas que fagan desaparecer as discriminacións encubertas (en materia de acceso o emprego, promoción, formación, retribución, condicións de traballo, conciliación da vida familiar e laboral, saúde).
- e) Promover accións formativas e de sensibilización que animen o persoal a participar na igualdade de oportunidades.
- f) Intervención nas situacións de conflito que poidan plantexarse por casos de discriminación.
- g) Proporcional información o persoal en relación con formación, promoción, vacantes, postos de nova creación, iniciativas...
- h) Habilitar procedementos de intervención interno ante o acoso sexual e casos de discriminación.

Darase a coñecer a todo o cadro de persoal a realización do plan de igualdade.

Asimismo levarase a cabo a publicación de folletos divulgativos sobre igualdade de oportunidades onde se detallan os dereitos laborais e xurídicos do persoal.

15.—Revisións da IT.—O persoal en situación de IT por enfermidade común serán atendidos en centros médicos da cidade de Pontevedra. A tal efecto, a empresa disporá ata 31.12.08 para facer efectiva esta previsión.

Resto de cuestións.—Incorporase o presente acordo todos os alcanzados anteriormente, e os que se incorporen pola comisión redactora do convenio colectivo.

En proba de conformidade, e poñendo fin a negociación e o conflito, asinan todas as partes a presente acta, conxuntamente co mediador, en Pontevedra, na data indicada, sendo ás 15,00 h.

Vigo, a 4 de setembro de 2008.—O Delegado Provincial, Pedro Borrajo Rivas. **2008009429**

CONVENIOS COLECTIVOS

Visto o acordo sobre o conflito plantexado na empresa BOTEROS AMARRADORES DE VIGO, SA, (BOTAMAVI), xurdido na negociación do seu convenio colectivo, que tivo entrada no rexistro único do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo o día 16-10-2008, e de conformidade co disposto no art. 90, 2 e 3, do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, art. 2.f) do Real decreto 1040/81, do 22 de maio, art. 17 a) do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de solución de Conflictos de Traballo (AGA) e Real Decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial,

ACORDA:

Primeiro.—Ordenar a súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, obrante nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.—Ordenar o seu depósito no Servicio de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.—Dispoñer a súa publicación, no “Boletín Oficial” da provincia. Asunto: Convenios colectivos.

ACTA DE MEDIACIÓN

En Vigo, a data 10 de outubro de 2008, e conforme o procedemento de mediación do Acordo Galego Para a Solución Extraxudicial de Conflictos Colectivos de Traballo (AGA), no conflito seguido na negociación do convenio colectivo da empresa Boteros Amarradores de Vigo, SA (Botamavi), as partes que a continuación se reflicten chegan a acordo, poñendo fin o citado conflito colectivo, en determinadas materias, sendo necesario, polo desacordo das partes, en canto a vixencia, plus de actividade, plus de convenio, incremento salarial e novas categorías, a proposta dirimite do mediador designado en acta de constitución da comisión de conciliación e mediación de data 14.07.08, José M^a Casas de Ron.

Reunidas as partes, que son, en representación da empresa D. José M. García Vázquez e D^a Cristina Fernández Silva, asesorados por D. Camilo Castro Silva; e por parte dos traballadores, D. José Angel Rodríguez Díaz, delegado de persoal, e D. Fernando Fonseca Malvido e D. Luciano Villar González, asesores sindicais da CIG; alcanzaron os seguintes acordos:

1.—O plus para o persoal de garda seralle aboado a todos os traballadores que estén de garda os